

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 17 de setembro de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, en sesión **ordinaria**, para o **día 17 de setembro de 2025**, ás 17:10 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2025/45F/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de xullo de 2025.

2. 2024/15655S PRESIDENCIA

Modificación da base 9ª das aprobadas para rexeo o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025.

3. 2025/19093E PRESIDENCIA

Dación de conta da aceptación da delegación de competencia formulada polo Concello de Castrelo de Miño, solicitando a tramitación do expediente expropiatorio para execución do proxecto “Residencia para Maiores en Vide”, no termo municipal de Castrelo de Miño.

4. 2025/19093E PRESIDENCIA

Dación de conta da avocación de competencia polo Pleno da Deputación Provincial de Ourense para a aprobación inicial do expediente expropiatorio do proxecto “Residencia para Maiores en Vide – Castrelo de Miño” (uso dotacional U3, tramitación urbanística conforme á Lei do Solo de Galicia)

5. 2025/20276D PRESIDENCIA

Moción do BNG para a posta en marcha dun plan de apoio e recuperación para os concellos afectados pola vaga de lumes deste verán 2025.

6. MOCIÓN DE URXENCIA.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.